




**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid 2-4, 2º  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221  
Fax: 981 546 569 - 881 997 599  
Correo electrónico: administracionlocal@xunta.es



Consortio de Turismo Ribeira Sacra  
Luintra, 3  
32160 Nogueira de Ramuín (Ourense)

REGISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA  
REGISTRO DA DIRECCIÓN XERAL DE ADMINISTRACIÓN LOCAL  
SANTAGO DE COMPOSTELA

SAÍDA 1587 / RX 675843

Data 13/05/2016 12:25:04



**ASUNTO: informe sobre a modificación de estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.**



REGISTRO XERAL  
ENTRADA N.º: .....  
SAÍDA N.º: .....  
DATA: 07/06/2016

Con data 18.04.2016 recibíuse oficio do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra no que achega a modificación dos estatutos aprobada con data 31.03.2016 polo pleno do consorcio para a súa adaptación ao disposto na Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización y sostenibilidade de la Administración Local (BOE núm. 312, 30.12.2013; en adiante LRSAL) e a Lei 15/2014, de 16 de setembro, de racionalización do Sector Público e outras medidas de reforma administrativa (BOE núm. 226, 17.09.2014; en adiante LRSP). O consorcio solicita o informe preceptivo establecido no artigo 143.1 b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

O xefe do Servizo de Cooperación Xurídica e Pacto Local emite informe con data 11.05.2016.

### **I.- Prazo da modificación.**

Con carácter previo debemos sinalar que a reforma dos estatutos formulada polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra está fóra do prazo establecido legalmente. Segundo a Disposición transitoria sexta da LRSAL

*“Los consorcios que ya estuvieran creados en el momento de la entrada en vigor de esta Ley deberán adaptar sus estatutos a lo en ella previsto en el plazo de un año desde la entrada en vigor de esta Ley.*

*Si esta adaptación diera lugar a un cambio en el régimen jurídico aplicable al personal a su servicio o en su régimen presupuestario, contable o de control, este nuevo régimen será de aplicación a partir del 1 de enero del año siguiente”*



Segundo a Disposición final sexta da dita LRSAL a entrada en vigor produciuse ao día seguinte ao da súa publicación no BOE (30.12.2013), xa que logo o procedemento de reforma dos estatutos tiña que estar finalizado ou polo menos en fase de informe nesta dirección xeral antes do 31.12.2014. O acordo do Pleno de aprobación inicial da modificación dos estatutos é de data 31.03.2016, polo que debe entenderse fóra de prazo.

Non obstante, a LRSAL non establece consecuencias xurídicas para o caso de que se supere o prazo de modificación.

## **II.- Modificacións relativas a LRSAL.**

A. A Disposición Adicional Vixésima da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo redacción dada pola Disposición final segunda da LRSAL, establece que os estatutos de cada consorcio determinarán a Administración pública á que estará adscrito, así como o seu réxime orgánico, funcional e financeiro de acordo co previsto na propia disposición adicional.

Deste xeito, haberán de revisarse a “adscripción” regulada nos estatutos do consorcio (art. 110.3 do Real decreto lexislativo 781/1986, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local) a fin de que concorden co mandato da reiterada Disposición transitoria.

A mencionada Disposición Adicional vixésima da Lei 30/1992, de 26 de novembro, sinala que:

*“1. Los estatutos de cada consorcio determinarán la Administración pública a la que estará adscrito, así como su régimen orgánico, funcional y financiero de acuerdo con lo previsto en los siguientes apartados.”*

Xa que logo, do tenor literal deste apartado 1 existe a obriga de determinar a administración pública de adscrición sen que sexan admisibles fórmulas xenéricas ou en remisión en branco para a fixación da dita adscrición. Visto o anterior, esta dirección xeral informa favorablemente a redacción do artigo 1, ao adaptarse a normativa vixente sinalando especificamente a administración pública de adscrición (Concello de Monforte de Lemos).

B. Respecto da cuestión do exercicio das funcións de secretaria e intervención, modifícanse distintos artigos referidos a dita materia. Con carácter xeral e trala



reforma da lexislación operada pola LRSAL non é preciso que as funcións de secretaría e intervención sexan realizadas por funcionarios con habilitación de carácter nacional, se non que poden ser realizadas por calquera persoa funcionaria das administracións que forman parte do consorcio.

- Artigo 3.5: debe modificarse a redacción. Os servizos especializados que se mencionan deben estar na sede do consorcio á marxe de quen exerza esas funcións. En tal sentido, unha redacción alternativa podería ser: “os servizos especializados de Secretaría, Intervención, Xerencia e Administración do Consorcio, estarán na sede deste” .
- Artigo 9.2: debe modificarse e substituír a expresión “o secretario-interventor habilitado nacional ou nomeado da reasignación de postos de traballo” para aclarar que as funcións de secretaría, intervención e tesourería poden ser realizadas por calquera persoa funcionaria dunha das administracións públicas consorciadas, procedentes dunha reasignación de efectivos ao consorcio.
- Artigo 15: debe modificarse a redacción para aclarar que as funcións de secretaría, intervención e tesourería poden ser realizadas por calquera persoa funcionaria dunha das administracións públicas consorciadas, procedentes dunha reasignación de efectivos ao consorcio.
- Artigo 17: informase favorablemente o texto aprobado sempre en cando se considere eliminada toda referencia ao persoal eventual especialmente o disposto no apartado 2 do dito artigo, na redacción dos estatutos publicada no 2005.

### III.- Adaptación relativas a LRSP.

O artigo 15 da LRSP establece que os consorcios xa creados a entrada en vigor desta lei (18.09.2014) deberán adaptar os seus estatutos ao disposto nos artigos 12 a 14 dentro do prazo de seis meses dende a entrada en vigor da dita lei.

Os artigos 12 a 14 da LRSP recollen o dereito dos membros dun consorcio a separarse deste, así como as causas e procedementos para o exercicio de dito dereito de separación (artigo 12), os consecuencias xurídicas do exercicio de dito dereito de separación (artigo 13) e a regulación da liquidación do consorcio nestes casos (artigo 14).



Os estatutos vixentes dende 2005, recollen a separación e disolución do consorcio nos artigos 39 e 40. A redacción existente é compatible co disposto nos ditos artigos 12 a 14 da LRSP.

#### **IV.- Outras adaptacións.**

Ademais das modificacións realizadas en relación coa lexislación sinalada compre facer as seguintes precisións:

- Artigo 1: a redacción do apartado 1 non é clara no relativo a lexislación aplicable, polo que recomendamos que se clarifiquen correctamente os artigos . Recoméndase mencionar a lexislación con carácter xenérico.
- Artigo 16: entendemos que a redacción do dito artigo non é conforme á lexislación vixente. O consorcio pode determinar que a persoa que se ocupe da xerencia sexa persoal laboral ou funcionario procedente dunha reasignación de efectivos, en todo caso unha persoa física, sometida ao réxime de funcionario ou laboral. Segundo a Disposición adicional vixésima da Ley 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, na redacción dada pola Disposición final segunda da Ley Orgánica 6/2015, de 12 de junio, de modificación de la Ley Orgánica 8/1980, de 22 de septiembre, de financiación de las Comunidades Autónomas y de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera (BOE núm. 141, 13 de junio 2015), o persoal ao servizo dos consorcios poderá ser funcionario ou laboral e haberá de proceder exclusivamente das Administracións participantes. Só excepcionalmente, cando resulte imposible contar con persoal procedente desas Administracións, pola singularidade das funcións a realizar, o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas ou o órgano competente da Administración de adscrición, poderá autorizar a contratación directa de persoal por parte do consorcio para o exercicio de ditas funcións.

Así, con carácter xeral, os consorcios non poden ter persoal propio salvo que este proveña dalgunha das Administracións participantes e de ser necesario debe ter a autorización expresa para a súa contratación da administración de adscrición, neste caso o concello de Monforte de Lemos.

Por outra parte, o procedemento de contratación é unha cuestión sometida á legalidade que non pode ser variada por unha previsión estatutaria, e que ven determinada polo carácter que teña o posto. Tanto se estamos a falar de persoal



**XUNTA DE GALICIA**

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
Dirección Xeral de Administración Local

Rúa de Madrid 2-4, 2º  
15707 SANTIAGO DE COMPOSTELA  
Telf.: 981 546 579 - 981 546 221  
Fax: 981 546 569 - 881 997 599  
Correo electrónico: administracionlocal@xunta.es

galicia

funcionario como laboral haberá que estar as previsións normativas que regulan o acceso aos postos de traballo segundo se configuren nas relacións de postos de traballo ou nos cadros de persoal. Incluso no caso de que o posto de traballo se configure como persoal directivo previsto na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia (DOG núm. 82, 4 de maio), a persoa que ocupe o posto sería ou funcionaria ou laboral (con contrato de alta dirección, de ser o caso).

- Respecto das modificacións nos artigos 7, 10, 12, 26, 28, 31, 33, 34 considerase que a redacción dos citados artigos non contradí a lexislación vixente.

Xa que logo, de conformidade co informe do xefe do Servizo de Cooperación Xurídica e Pacto Local de 11.05.2016 e co sinalado neste escrito, **informamos favorablemente** a modificación dos estatutos do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra, para os efectos do previsto no artigo 143 da LALG, coas excepcións e condicións sinaladas no corpo deste escrito.

En Santiago de Compostela a 12 de maio de 2016.

O director xeral de Administración Local.

José Alberto Pazos Couñago






- Asunto:** *Solicitud de informe do Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.*
- Trámite:** *Informe da Deputación Provincial de Ourense ex artigo 143.1 b) da Lei 5/1997 de Administración local de Galicia.*
- Data:** *05.05.2016.*

Na data 15.04.2016 ten entrada (NR 11018) no Rexistro Xeral desta Deputación solicitude de informe do Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra sobre a actualización e modificación dos seus estatutos.

Na data 02.05.2016, previa orde nese sentido, evacúase informe xurídico polo Vicesecretario Xeral da Deputación, o cal se transcribe:

#### ANTECEDENTES DE FEITO:



**Primeiro:** O marco normativo da presente asistencia atopámolo no artigo 36.1 b) da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, nos artigos 109.1 b), 113 da Lei 5/1997, de administración local de Galicia e na Ordenanza provincial reguladora do servizo de asistencia a entidades locais (BOP núm. 37 de data 14.02.2008) con carácter xeral e artigos 151.2 e 143.1 b) da Lei 5/1997, de administración local de Galicia de xeito puntual para o presente asunto.

**Segundo:** Na data 15.04.2016 ten entrada (NR 11018) no Gabinete de Asesoría Xurídica e Asistencia a Municipios desta Deputación solicitude de informe do Presidente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra sobre a actualización e modificación dos seus estatutos, encomendándose ao funcionario asinante a emisión do presente informe.

#### - CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

**PRIMEIRA:** A normativa aplicable vén constituída pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), modificada pola Lei 27/2013 (LRSAL), Lei 5/1997, de administración local de Galicia (LALGA), Lei 15/2014, de racionalización do sector público (LRSP), Real decreto legislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLFFLL), Lei 30/1992, de réxime xurídico das AAPP e do procedemento administrativo común (LRX-PAC), Decreto do 17 de xuño de 1955, polo que se aproba o Regulamento de servizos das corporacións locais e os propios Estatutos do consorcio.

**SEGUNDA:** A continuación, e polo seu interese aos efectos deste informe, reproducimos os artigos máis relevantes da lexislación antedita:



- Artículo 57 LRBRL redactado pola LRSAL

1. La cooperación económica, técnica y administrativa entre la Administración local y las Administraciones del Estado y de las Comunidades Autónomas, tanto en servicios locales como en asuntos de interés común, se desarrollará con carácter voluntario, bajo las formas y en los términos previstos en las leyes, pudiendo tener lugar, en todo caso, mediante los consorcios o los convenios administrativos que suscriban.

(...)

2. La suscripción de convenios y constitución de consorcios deberá mejorar la eficiencia de la gestión pública, eliminar duplicidades administrativas y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.

3. La constitución de un consorcio solo podrá tener lugar cuando la cooperación no pueda formalizarse a través de un convenio y siempre que, en términos de eficiencia económica, aquélla permita una asignación más eficiente de los recursos económicos. En todo caso, habrá de verificarse que la constitución del consorcio no pondrá en riesgo la sostenibilidad financiera del conjunto de la Hacienda de la Entidad Local de que se trate, así como del propio consorcio, que no podrá demandar más recursos de los inicialmente previstos.

D.A. 20ª LRX-PAC incorporada pola LRSAL e ap. 5 pola redactado pola LO 6/2015

1. Los estatutos de cada consorcio determinarán la Administración pública a la que estará adscrito, así como su régimen orgánico, funcional y financiero de acuerdo con lo previsto en los siguientes apartados.

2. De acuerdo con los siguientes criterios de prioridad, referidos a la situación en el primer día del ejercicio presupuestario, el consorcio quedará adscrito, en cada ejercicio presupuestario y por todo este periodo, a la Administración pública que:

- a) Disponga de la mayoría de votos en los órganos de gobierno.
- b) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros de los órganos ejecutivos.
- c) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros del personal directivo.
- d) Disponga de un mayor control sobre la actividad del consorcio debido a una normativa especial.
- e) Tenga facultades para nombrar o destituir a la mayoría de los miembros del órgano de gobierno.
- f) Financie en más de un cincuenta por cien o, en su defecto, en mayor medida la actividad desarrollada por el consorcio, teniendo en cuenta tanto la aportación del fondo patrimonial como la financiación concedida cada año.
- g) Ostente el mayor porcentaje de participación en el fondo patrimonial.
- h) Tenga mayor número de habitantes o extensión territorial dependiendo de si los fines definidos en el estatuto están orientados a la prestación de servicios, a las personas, o al desarrollo de actuaciones sobre el territorio.

3. En el supuesto de que participen en el consorcio entidades privadas sin ánimo de lucro, en todo caso el consorcio estará adscrito a la Administración pública que resulte de acuerdo con los criterios establecidos en el apartado anterior.





4. Los consorcios estarán sujetos al régimen de presupuestación, contabilidad y control de la Administración pública a la que estén adscritos, sin perjuicio de su sujeción a lo previsto en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera. En todo caso, se llevará a cabo una auditoría de las cuentas anuales que será responsabilidad del órgano de control de la Administración a la que se haya adscrito el consorcio. Los consorcios deberán formar parte de los presupuestos e incluirse en la cuenta general de la Administración pública de adscripción.

5. El personal al servicio de los consorcios podrá ser funcionario o laboral y habrá de proceder exclusivamente de las Administraciones participantes. Su régimen jurídico será el de la Administración Pública de adscripción y sus retribuciones en ningún caso podrán superar las establecidas para puestos de trabajo equivalentes en aquélla.

Excepcionalmente, cuando no resulte posible contar con personal procedente de las Administraciones participantes en el consorcio en atención a la singularidad de las funciones a desempeñar, el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas u órgano competente de la Administración a la que se adscriba el consorcio, podrá autorizar la contratación directa de personal por parte del consorcio para el ejercicio de dichas funciones.

- Artigo 15 da Lei de racionalización do sector público.

1. Los estatutos de los consorcios recogerán lo previsto en los artículos anteriores referidos al derecho de separación y disolución y liquidación del consorcio, pudiendo desarrollarlo siempre que no contravenga lo previsto en la Ley.

Los consorcios que ya estuvieran creados en el momento de la entrada en vigor de esta Ley deberán adaptar sus estatutos a lo en ella previsto en el plazo de seis meses desde su entrada en vigor.

6. En lo no previsto en los Estatutos ni en esta Ley, se estará a lo previsto en el Código Civil sobre la sociedad civil, salvo el régimen de liquidación, que se someterá a lo dispuesto en el Real Decreto Legislativo 1/2010, de 2 de julio, por el que se aprueba el Texto Refundido de la Ley de Sociedades de Capital.

- Artigo 149 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

1. Las Entidades Locales gallegas podrán, con carácter voluntario, constituir consorcios locales entre sí o:

a) Con otras Administraciones Públicas para fines de interés común.  
b) Con entidades privadas sin ánimo de lucro que persigan fines de interés público concurrentes con los de las Administraciones Públicas. En este caso en todos los órganos de los que se dote al consorcio deberá garantizarse la presencia mayoritaria del sector público.

2. Los consorcios locales son Entidades Locales dotadas de personalidad jurídica propia y capacidad para el cumplimiento de sus fines específicos, que vendrán definidos en sus respectivos estatutos.

3. Para la gestión de los servicios de su competencia, los consorcios podrán utilizar cualesquiera de las formas previstas en la legislación básica de régimen local y en la presente Ley.

- Artigo 150 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.





1. La iniciativa para la constitución de un consorcio local podrá partir de uno o varios Entes Locales interesados.

2. Los expedientes para la constitución de consorcios locales, así como para la elaboración y subsiguiente aprobación de sus estatutos, se iniciarán con los acuerdos de las Entidades Locales promotoras, que deberán ser adoptados por la mayoría absoluta del número legal de miembros de las Corporaciones.

3. Mediante dichos acuerdos cada Entidad Local designará un representante de la Corporación que pasará a formar parte de la Comisión Gestora, que tendrá la representación del grupo de entidades hasta la definitiva constitución de los órganos de gobierno del consorcio, que estarán integrados por representantes de todas las entidades consorciadas en la proporción que se fije en los respectivos Estatutos, y que se encargará de la tramitación del correspondiente expediente y de la elaboración del proyecto de Estatutos.

- Artigo 151 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

1. Para la elaboración de los Estatutos y para la creación de consorcios locales se seguirán las mismas reglas y el mismo procedimiento que se ha establecido para las mancomunidades de municipios en la legislación estatal básica y en los artículos 137 y siguientes de la presente Ley.

2. Del mismo modo, para la modificación de los Estatutos del consorcio local, así como para la disolución del mismo, se seguirán las mismas reglas y el mismo procedimiento que el establecido por la legislación estatal básica y por los artículos 143 y 144 de la presente Ley para la modificación de los Estatutos o disolución de las mancomunidades de municipios.

- Artigo 152 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

La Junta de Galicia, a través de la Consejería competente en materia de régimen local:

a) Prestará cuanta asistencia técnica y jurídica sea necesaria para la constitución y funcionamiento de los consorcios locales.

b) Podrá conceder subvenciones a fondo perdido a la constitución de consorcios locales para la prestación de los servicios municipales o, en su caso, realización de obras del mismo carácter.

Visto o anterior, resulta que por remisión do artigo 151.2 da LALGA, a **modificación estatutaria dos consorcios locais seguirá a tramitación prevista para a modificación estatutaria das mancomunidades nos artigos 143 e 144 da LALGA**, e que establecen:

- Artigo 143 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

1. La modificación de los estatutos de la mancomunidad o la disolución de la Entidad Local se ajustará al siguiente procedimiento:

a) La iniciativa corresponderá al Pleno de la mancomunidad, de oficio o a instancia de los Ayuntamientos que la constituyen.

b) Adoptado el acuerdo, se someterá a información pública por plazo de un mes y, simultáneamente, se remitirá a la Diputación o Diputaciones Provinciales respectivas y a la Consejería competente en materia de régimen local para su informe, por plazo de un mes.



c) Finalizado el plazo de exposición pública y recibidos los informes a que se refiere el apartado anterior o transcurrido el plazo de un mes sin que hubiesen sido emitidos, se someterá el acuerdo de modificación de los estatutos o de disolución de la mancomunidad a los plenos de los Ayuntamientos mancomunados. La adopción de dicho acuerdo, que resolverá también las alegaciones, en caso de que éstas hubiesen sido presentadas, requerirá el voto favorable de la mayoría absoluta del número legal de miembros de cada una de las Corporaciones.

d) Aprobados los acuerdos de modificación de los estatutos de la mancomunidad o de disolución de la misma por la mayoría de los Ayuntamientos mancomunados, el Presidente de la mancomunidad remitirá copia certificada de los mismos a la Consejera competente en materia de régimen local, para su íntegra publicación en el «Diario Oficial de Galicia», y los comunicará a la Administración Central del Estado a los efectos establecidos por la legislación básica de régimen local.

2. Toda incorporación o separación de miembros de una mancomunidad conllevará, necesariamente, la modificación de sus estatutos.

3. En caso de que un municipio decida unilateralmente separarse de la mancomunidad, lo manifestará con un año de antelación, sin dejar de cumplir con los compromisos contraídos en ese plazo.

- Artigo 144 da Lei 5/1997 de Administración Local de Galicia.

En caso de disolución de una mancomunidad, la misma mantendrá su personalidad jurídica en tanto no sea adoptado por el Pleno el acuerdo de liquidación y distribución de su patrimonio, el cual se publicará en el «Diario Oficial de Galicia», junto con el de disolución.

**TERCEIRA:** Vista a normativa de aplicación antedita e o acordo adoptado polo pleno do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra de data 31.03.2016, resulta que a modificación estatutaria proposta pretende adaptar os estatutos do mesmo ás modificacións introducidas no réxime xurídico destes entes pola LRSAL (de modificación da LRBRL) e pola LRSP, todo elo seguindo o procedemento xa indicado e previsto na LALGA.

As **modificacións introducidas** son, principalmente, as seguintes:

- *artigo 1, composición e denominación do consorcio:* determínase a adscripción do consorcio ao concello de Monforte de Lemos, indicándose como causa de adscripción a prevista na DA 20ª 2. a) da LRX-PAC (maioría de votos nos órganos de goberno).

- *artigo 3, sedes e domicilios:* establécese a sede fiscal no concello de Monforte de Lemos, a da Presidencia no concello do alcalde ou concelleiro que a exerza e a das unidades administrativas no lugar onde exerzan as súas funcións os habilitados nacionais.

- *artigo 7, quórum de acordos:* establécese a maioría absoluta para os acordos en que así o esixan os propios estatutos ou a normativa aplicable, requeriéndose para que se considere dita maioría que os votos favorables sumen máis da metade dos votos asignados ao pleno (enténdese número de dereito) e o voto favorable da metade máis un do número de representantes das entidades consorciadas (enténdese número de dereito).



- *artigo 9, consello reitor, composición:* establécese a composición do consello reitor e o número de votos que corresponde a cada ente consorciado.
- *artigo 10, duración do mandato:* a modificación refírese unicamente ao xeito de nomeamento de novo representante polo ente consorciado.
- *artigo 12, competencias do Presidente e Vicepresidente:* establécese o réxime de competencias, substitucións e delegacións.
- *artigo 15, secretaría, intervención e tesourería<sup>1</sup>:* a proveerse mediante reasignación de efectivos de postos existentes.
- *artigo 16, xerencia:* régúlase o réxime xurídico da persoa física ou xurídica que a desempeña, así como as súas funcións.
- *artigo 17, persoal laboral e eventual:* só poderá proceder dunha reasignación de efectivos dos entes consorciados.
- *artigo 26, contribucións económicas ordinarias:* establécese o réxime de achegas en función da poboación de cada concello e unha determinada porcentaxe (sen indicación da causa) para o consello regulador e a asociación integrantes do consorcio.
- *artigo 28, aprobación do orzamento:* indícase a suxección ao réxime orzamentario da administración local formando parte dos orzamentos e incluída na conta xeral da administración á que está adscrita (concello de Monforte de Lemos).
- *artigo 31, xestión orzamentaria:* suxección ao Texto refundido da Lei de Facendas Locais (RD Lexislativo 2/2004).
- *artigo 33, contabilidade:* suxección ao réxime de contabilidade da administración de adscrición.
- *artigo 34, rendición de contas:* obriga de rendición de contas ante a administración de adscrición.
- *artigo 35, fiscalización:* suxección ao réxime de fiscalización da administración de adscrición.

Enténdese que as **modificacións en enumeradas adáptanse á lexislación antedita de aplicación.**

---

<sup>1</sup> O texto modificado deste artigo remítese de xeito incompleto, xa que o derradeiro parágrafo indica "...nesta caso solicitarase colaboración ás Deputacións provinciais de Lugo e Ourense para que dentro do seu persoal poidan". Non obstante a omisión de parte do texto do artigo en cuestión non impide entender o seu sentido en canto ao réxime das Tesourerías se refire.



**CUARTA:** Os artigos dos estatutos que se someten a informe e non afectados pola modificación en trámite coa certificación do acordo (artigos 2, 4, 5, 6, 8, 11, 13, 14, 18, 19, 20, 21, 22, 23, 24, 25, 27, 29, 30, 32 e outros se os houberse, así como disposicións adicionais, transitorias ou finais) polo que non se pode informar sobre a súa adaptación á normativa indicada.

**CONCLUSIÓN:** Tendo en conta as consideracións xurídicas anteriores, infórmase de xeito favorable a actualización e modificación dos Estatutos do consorcio de turismo Ribeira Sacra aprobada polo pleno do consorcio na data 31.03.2016, sen prexuízo do indicado na consideración xurídica cuarta do presente informe.

Este é o meu informe que emito sen prexuízo de calquera outro mellor fundado e do que o Presidente da Deputación e/ou a corporación estimen pertinente resolver.

Visto o informe anterior e ao abeiro das competencias que lle veñen atribuídas a esta Presidencia polos artigos 34.1 da Lei 7/1985, reguladora das bases do réxime local, 61 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e 105 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia **INFORMO FAVORABLEMENTE** a actualización e modificación dos Estatutos do consorcio de turismo Ribeira Sacra aprobada polo pleno do consorcio na data 31.03.2016, sen prexuízo do indicado na consideración xurídica cuarta do presente informe.


Ourense, 5 de maio de 2016

O PRESIDENTE.

Asdo. José Manuel Baltar Blanco







**ASUNTO: INFORME SOBRE A MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS DO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA**

**SOLICITANTE: SEÑOR PRESIDENTE DO CONSORCIO**

### **ANTECEDENTES**

1. Polo señor presidente do Consorcio Local de Turismo Ribeira Sacra, solicítase desta Deputación Provincial, informe en relación á modificación dos estatutos da mesmo. Coa modificación estatutaria, promovida trátase de adaptar os estatutos as determinacións da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, así como promover outras modificacións. A estes efectos, polo Consello Reitor do Consorcio, en sesión celebrada o 31 de marzo de 2016, deuse nova redacción aos artigos 1, 3, 7, 9, 10, 12, 15, 16, 17, 26, 28, 31, 33, 34 e 35, aprobándose a mesma inicialmente.

2. Pola secretaría xeral desta Deputación emitíuse informe–proposta favorable á modificación promovida.

### **MARCO NORMATIVO DE REFERENCIA**

Vén determinado polas seguintes Normas:

**1.- Lei 5/1997, do 22 de agosto, de administración local de Galicia**

#### **Artigo 149**

...///...

*“2. Os consorcios locais son Entidades Locais dotadas de personalidade xurídica propia e capacidade para o cumprimento dos seus fins específicos, que virán definidos nos seus respectivos estatutos.*

*3. Para a xestión dos servizos da súa competencia, os consorcios poderán utilizar cualesquiera das formas previstas na lexislación básica de réxime local e na presente Lei”.*

#### **Artigo 151.**

*1. Para a elaboración dos estatutos e para a creación de consorcios locais seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que se estableceu para as mancomunidades de municipios na lexislación estatal básica e nos artigo 137 e seguintes da presente Lei.*

2. Do mesmo xeito, para a modificación dos estatutos do consorcio local , así como para a disolución do mesmo, seguiranse as mesmas regras e o mesmo procedemento que o establecido pola lexislación estatal básica e polos artigos 143 e 144 da presente Lei para a modificación dos estatutos ou disolución das mancomunidades de municipios.

#### **Artigo 143.**

1.A modificación dos estatutos da mancomunidade ou a disolución da entidade local axustarase ao seguinte procedemento:

#### **Artigo 140**

1.O Proxecto de estatutos, unha vez aprobado, será sometido, por prazo dun mes, a informe de la Diputación o diputaciones provinciales interesadas, se entenderá favorable sí en dicho plazo no hubiese sido emitido y se expondrá a información pública por período de un mes para que sean presentadas, por parte de los interesados, las observaciones o sugerencias que estimen precisas....”.

#### **2.- Disposición adicional decimoterceira da Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. Consorcios constituídos para a prestación de servizos mínimos.**

*O persoal ao servizo dos consorcios constituídos, antes da entrada en vigor desta Lei, que presten servizos mínimos aos que se refire o artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de Réxime Local, poderá integrarse por quen non sexan persoal funcionario ou laboral procedente dunha reasignación de postos de traballo das Administracións participantes no consorcio.*

#### **3.- Disposición adicional decimocuarta da Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local Réxime xurídico especial de determinados consorcios.**

*O previsto na disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, non resultará de aplicación aos consorcios, constituídos antes da entrada en vigor desta Lei, que: non teñan a consideración de Administración Pública a efectos do Sistema Europeo de Contas, estean participados por entidades locais e entidades privadas, non estean incurso en perdas durante dous exercicios consecutivos e non reciban nin reciban subvencións das Administracións Públicas nos cinco exercicios anteriores ao de entrada en vigor desta Lei con independencia das achegas ás que estean obrigados os entes consorciados. Estes consorcios, en tanto se manteñan todas as condicións mencionadas, rexeranse polo previsto nos seus respectivos Estatutos.*

#### **4.- Disposición transitoria sexta. da Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. Réxime transitorio para os consorcios.**



*Os consorcios que xa estivesen creados no momento da entrada en vigor desta Lei deberán adaptar os seus estatutos ao nela previsto no prazo dun ano desde a entrada en vigor desta Lei.*

*Si esta adaptación dese lugar a un cambio no réxime xurídico aplicable ao persoal ao seu servizo ou no seu réxime presupuestario, contable ou de control, este novo réxime será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.*

**5.- Disposición final segunda da Lei 27/2013 de Racionalización e Sostenibilidade da Administración Local. Modificación da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.**

**Modifícase a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común para incluír unha nova disposición adicional, a vixésima, coa seguinte redacción:**

**Disposición adicional vixésima. Réxime xurídico dos consorcios.**

1. *Os estatutos de cada consorcio determinarán a Administración pública á que estará adscrito, así como o seu réxime orgánico, funcional e financeiro de acordo co previsto nos seguintes apartados.*
2. *De acordo cos seguintes criterios de prioridade, referidos á situación no primeiro día do exercicio presupuestario, o consorcio quedará adscrito, en cada exercicio presupuestario e por todo este periodo, á Administración pública que:*
  - a) *Dispoña da maioría de votos nos órganos de goberno.*
  - b) *Teña facultades para nomear ou destituír á maioría dos membros dos órganos executivos.*
  - c) *Teña facultades para nomear ou destituír á maioría dos membros do persoal directivo.*
  - d) *Dispoña dun maior control sobre a actividade do consorcio debido a unha normativa especial.*
  - e) *Teña facultades para nomear ou destituír á maioría dos membros do órgano de goberno.*
  - f) *Financie en máis dun cincuenta por cen ou, na súa falta, en maior medida a actividade desenvolvida polo consorcio, tendo en conta tanto a achega do fondo patrimonial como o financiamento concedido cada ano.*
  - g) *Ostente a maior porcentaxe de participación no fondo patrimonial.*
  - h) *Teña maior número de habitantes ou extensión territorial dependendo de si os fins definidos no estatuto están orientados á prestación de servizos, ás persoas, ou ao desenvolvemento de actuacións sobre o territorio.*
3. *No caso de que participen no consorcio entidades privadas sen ánimo de lucro, en todo caso o consorcio estará adscrito á Administración pública que resulte de acordo cos criterios establecidos no apartado anterior.*
4. *Os consorcios estarán suxeitos ao réxime de presupuestación, contabilidade e control da Administración pública á que estean adscritos, sen prexuízo do seu suxeición ao previsto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira. En todo caso, levarase a cabo unha auditoría das contas anuais que será responsabilidade do órgano de control da Administración á que se haxa adscrito o consorcio. Os consorcios deberán formar parte dos orzamentos e incluírse na conta xeral da Administración pública de adscrición.*

5. O persoal ao servizo dos consorcios poderá ser funcionario ou laboral procedente exclusivamente dunha reasignación de postos de traballo das Administracións participantes, o seu réxime xurídico será o da Administración pública de adscrición e as súas retribucións en ningún caso poderán superar as establecidas para postos de traballo equivalentes naquela.

**6.- Ley 7/1985, do 2 de abril. Disposición adicional novena: Redimensionamiento do sector público local**

1. As Entidades Locais do artigo 3.1 desta Lei e os organismos autónomos delas dependentes non poderán adquirir, constituír ou participar na constitución, directa ou indirectamente, de novos organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundacións, unidades e demais entes durante o tempo de vixencia do seu plan económico-financeiro ou do seu plan de axuste.

As entidades mencionadas no párrafo anterior durante o tempo de vixencia do seu plan económico-financeiro ou do seu plan de axuste non poderán realizar achegas patrimoniais nin subscribir ampliacións de capital de entidades públicas empresariais ou de sociedades mercantiles locais que teñan necesidades de financiamento. Excepcionalmente as Entidades Locais poderán realizar as citadas achegas patrimoniais si, no exercicio presupuestario inmediato anterior, houberen cumprido cos obxectivos de estabilidade presupuestaria e débeda pública e o seu período medio de pago a provedores non supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

2. Aquelas entidades que á entrada en vigor da presente Lei desenvolvan actividades económicas, estean adscritas a efectos do Sistema Europeo de Contas a cualesquiera das Entidades Locais do artigo 3.1 desta Lei ou dos seus organismos autónomos, e atópense en desequilibrio financeiro, dispoñerán do prazo de dous meses desde a entrada en vigor desta Lei para aprobar, previo informe do órgano interventor da Entidade Local, un plan de corrección de devandito desequilibrio. A estes efectos, e como parte do mencionado plan de corrección, a Entidade Local da que dependa poderá realizar achegas patrimoniais ou subscribir ampliacións de capital das súas entidades só si, no exercicio presupuestario inmediato anterior, esa Entidade Local houber cumprido cos obxectivos de estabilidade presupuestaria e débeda pública e o seu período medio de pago a provedores non supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.

Si esta corrección non se cumprixe a 31 decembro de 2014, a Entidade Local no prazo máximo dos seis meses seguintes a contar desde a aprobación das contas anuais ou da liquidación do orzamento do exercicio 2014 da entidade, segundo proceda, disolverá cada unha das entidades que continúe en situación de desequilibrio. De non facelo, ditas entidades quedarán automaticamente disoltas o 1 de decembro de 2015.

Os prazos citados no párrafo anterior deste apartado 2 ampliaranse ata o 31 de decembro de 2015 e o 1 de decembro de 2016, respectivamente, cando as entidades en desequilibrio estean prestando algún dos seguintes servizos esenciais: abastecemento domiciliario e depuración de augas, recolleita, tratamento e aproveitamento de residuos, e transporte público de viaxeiros.

*Esta situación de desequilibrio financeiro referirase, para os entes que teñan a consideración de Administración pública a efectos do Sistema Europeo de Contas, á súa necesidade de financiamento en termos do Sistema Europeo de Contas, mentres que para os demais entes entenderase como a situación de desequilibrio financeiro manifestada na existencia de resultados negativos de explotación en dous exercicios contables consecutivos.*

*3. Os organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundaciones, unidades e demais entes que estean adscritos, vinculados ou sexan dependentes, a efectos do Sistema Europeo de Contas, a calquera das Entidades Locais do artigo 3.1 desta Lei ou dos seus organismos autónomos, non poderán constituír, participar na constitución nin adquirir novos entes de calquera tipoloxía, independentemente da súa clasificación sectorial en termos de contabilidade nacional.*

*4. Aqueles organismos, entidades, sociedades, consorcios, fundaciones, unidades e demais entes que á entrada en vigor desta Lei non estean en situación de superávit, equilibrio ou resultados positivos de explotación, estivesen controlados exclusivamente por unidades adscritas, vinculadas ou dependentes, a efectos do Sistema Europeo de Contas, de calquera das Entidades Locais do artigo 3.1 desta Lei, ou dos seus organismos autónomos deberán estar adscritos, vinculados ou dependentes directamente ás Entidades Locais do artigo 3.1 desta Lei, ou ben ser disoltos, en ambos casos, no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta Lei e iniciar, si disólvese, o proceso de liquidación no prazo de tres meses a contar desde a data de disolución. De non facelo, ditas entidades quedarán automaticamente disoltas transcorridos seis meses desde a entrada en vigor desta Lei.*

*No caso de que aquel control non se exerza con carácter exclusivo as citadas unidades dependentes deberán proceder á transmisión da súa participación no prazo de tres meses desde a entrada en vigor desta Lei.*

*Os prazos para o cambio de adscripción, vinculación ou dependencia, a disolución e para proceder á transmisión da correspondente participación citados nos dous párrafos anteriores deste apartado 4 ampliaranse nun ano máis, cando as entidades en desequilibrio estean prestando algún dos seguintes servizos esenciais: abastecemento domiciliario e depuración de augas, recolleita, tratamento e aproveitamento de residuos, e transporte público de viaxeiros”.*

## **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS**

**Primeira.-** A Disposición transitoria sexta da Lei 27/2013, establece o réxime transitorio para os consorcios, de forma que os consorcios que xa estivesen creados no momento da entrada en vigor desta Lei deberán adaptar os seus Estatutos ao nela previsto no prazo dun ano desde a entrada en vigor da Lei, é dicir antes do 31 de decembro de 2014.

Se esta adaptación dese lugar a un cambio no réxime xurídico aplicable ao persoal ao seu servizo ou no seu réxime orzamentario, contable ou de control, este novo réxime será de aplicación a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte.

Respecto do persoal que actualmente presta os seus servizos nos Consorcios, e dado que estes han de incluír nos seus Estatutos a que Administración Pública quedan adscritos, o mesmo

quedará sometido ao réxime xurídico aplicable ao da Administración a que estea adscrito o Consorcio.

**Segunda.-** Coa modificación estatutaria trátase de adecuar o estatutos do Consorcio á Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración local; ás prescricións que se establecen na Disposición Adicional novena da Lei 7/1985, do 2 de abril e a Disposición adicional vixésima da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na redacción dada a ámbalas dúas pola Lei 27/2013.

**Terceira.-** A Lei 27/2013, modifica a Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo Común, para incluír unha nova disposición adicional, a vixésima, que establece o Réxime xurídico dos consorcios coas determinacións que na mesma se establecen, nos termos que anteriormente se deixan transcritos.

**Cuarta.-** Ademais da adaptación estatutaria legalmente obrigada o Consorcio promove a modificación de varios artigos; así modifícanse os seguintes:

Artigo 1º, para determinar a administración á que queda adscrito o Consorcio, resultando ser, por aplicación da Disposición Adicional vixésima da Lei 30/1992, ao concello de Monforte de Lemos.

Artigo 3, relativo a sedes e domicilios.

Artigo 7, relativo ao quorum dos acordos.

Artigo 9, relativo a composición do Consello Reitor, redistribuíndo a ponderación dos votos dos representantes con dereito a el mediante a actualización do número de habitantes dos municipios.

Artigo 10, sobre a duración do mandato.

Artigo 12, sobre competencias do Presidente e Vicepresidente.

Artigo 15, sobre as funcións de secretaría-intervención e Tesourería.

Artigo 16, regulador da Xerencia.

Artigo 17, no que se regula o persoal laboral e eventual.

Artigo 26, regulador das contribucións económicas ordinarias dos membros.

Artigo 28, sobre o orzamento.

Artigo 31, sobre a xestión orzamentaria.

Artigo 33, sobre a contabilidade.

Artigo 34, sobre a rendición de contas.

Artigo 35, relativo á fiscalización interna e externa

Con fundamento en canto antecede e ao abeiro de canto se establece polo artigo 34.1.o) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

**INFORMA**


**Favorablemente** a modificación dos estatutos promovida polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.

Lugo, 18 de xullo de 2016

O Presidente,

P.D. Decreto nº. 1357/2016 do 01-07-2016

O Vicepresidente



Álvaro Santos Ramos



**SR. PRESIDENTE DO CONSORCIO DE TURISMO RIBEIRA SACRA. LUINTRA 3, 32160 NOGUEIRA DE RAMUÍN. OURENSE**



**CERTIFICACIÓN DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN**

D./ D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> del Carmen Limia Fernández, con D.N.I. nº34.939.657-N, como secretaria-interventora da entidade Consorcio de Turismo Ribeira Sacra , con CIF G-27326131, en relación ao expediente

• **MODIFICACIÓN ESTATUTOS CONSORCIO TURISMO RIBEIRA SACRA**

**CERTIFICO:**

Que a proposta de modificación dos Estatutos do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, estivo exposta ao público durante **UN MES**:

BOP ORENSE : 27/04/2016

BOP LUGO: 20/04/2016

**SEN QUE SE PRODUCIRA NINGUNHA ALEGACIÓN NO PRAZO OUTORGADO PARA PRESENTALAS.**

Para que conste, para aos efectos de solicitude de subvención, expido a presente certificación en Sober, a 24 de agosto de 2016.

V.º e praxe:

**O Presidente,**

Asdo.: Luis Fernández Guitián



**Ribeira Sacra**  
CONSORCIO DE TURISMO  
PRESIDENCIA

**A Secretaria-Interventora,**

Asdo.: María del Carmen Limia Fernández



**Ribeira Sacra**  
CONSORCIO DE TURISMO  
SECRETARÍA-INTERVENCIÓN

